

## BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE LITERATURA XUVENIL

### LETRAS GALEGAS – ANPA O HÓRREO

A Anpa O Hórreo do IES o Mosteirón quere colaborar na difusión e normalización da lingua galega. Para lograr este obxectivo é necesario concienciar a persoas de todas as idades da necesidade de coñecer e difundir a cultura que a través da lingua nos transmitiron as xeracións anteriores.

Por este motivo convocase o premio de literatura xuvenil LETRAS GALEGAS – ANPA O hórreo co obxectivo de que as nenas e nenos do Instituto O Mosteirón teñan a oportunidade de demostrar a súa capacidade de escribir en lingua galega e de exercer a súa imaxinación para concebir contos.

#### Primeira. Obxecto e participantes

1. O concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas 2024 ten por obxecto incentivar a creatividade literaria a través do uso da lingua galega.
2. Está dirixido a nenas e nenos alumnos do IES O Mosteirón.

#### Segunda. Dotación

1. Existirán dúas categorías con un premio cada unha:

Categoría de 1º a 2º da ESO: AURICULAR GAMING HU85 LENOVO ou AURICULAR BLUETOOTH BRANCO BLAUPUNKT (a escoller polo gañador).

Categoría de 3º a 4º da ESO: AURICULAR GAMING HU85 LENOVO ou AURICULAR BLUETOOTH BRANCO BLAUPUNKT (a escoller polo gañador).

#### Terceira. Características dos contos

1. Os contos deberán redactarse en lingua galega. Non serán valorados aqueles textos que non empreguen a lingua galega.
2. A temática será libre. Terán unha extensión mínima dunha páxina e máxima de cinco. Preferiblemente escritos a ordenador ou a máquina, pero admitiranse textos manuscritos. Deberán estar escritos por unha soa cara. O tamaño do papel será A4. As páxinas deberán estar numeradas e co pseudónimo escrito en cada una delas.
3. No conto non poderá figurar ningún dato que permita identificar a persoa participante.
4. Queda prohibido o uso de tecnoloxías de intelixencia artificial para a elaboración dos contos presentados.

#### Cuarta. Forma e prazo de presentación das solicitudes

1. As solicitudes presentaranse ao titor de cada clase. Irán firmadas cun pseudónimo que lle asignará o titor.
2. O prazo para a presentación das solicitudes será do 29/04/2024 ao 13/05/2024

#### Quinta. Xurado

1. Para a valoración dos textos a Xunta Directiva da Anpa O Hórreo actuará como xurado. A Xunta directiva está formada por cinco membros.
2. Os premios poderán ser declarados desertos se así o considera o xurado.
3. Co fin de garantir o anonimato, a Dirección do Instituto facilitará ao xurado, para o desenvolvemento das súas funcións, unicamente o documento relativo ás obras presentadas e manterá custodiada a identidade da persoa autora ata que se resolva o procedemento.

#### Sexta. Criterios de valoración

O xurado fará unha listaxe dos textos presentados por orde de puntuación, tendo en conta os criterios de valoración seguintes:

- a) Calidade literaria: ata 3 puntos.

Inclúese neste criterio o uso dun ritmo narrativo que estimule a lectura, unha estrutura ben elaborada, o coidado na presentación das personaxes, o feito de espertar emocións, así como outros elementos que, debidamente motivados polo xurado, se integren no dito criterio.

- b) Orixinalidade: ata 3 puntos.

Inclúese neste criterio o feito de tratar un tema novo, escribir desde unha perspectiva diferente, utilizar xiros inesperados ou ter un final sorprendente, así como outros elementos que, debidamente motivados polo xurado, se integren no dito criterio.

- c) Valores culturais e que sustentan a democracia e os dereitos humanos, incluída a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato e a non discriminación, así como a prevención da violencia de xénero e o acoso escolar ou calquera outra manifestación de violencia: ata 2 puntos.

Inclúese neste criterio o feito de poñer en valor os ditos valores, denunciar condutas contrarias a eles ou sensibilizar a sociedade promovendo actitudes e comportamentos respectuosos con eles, así como outros elementos relacionados debidamente motivados polo xurado.

d) Coidado da lingua: ata 2 puntos.

Inclúese neste criterio o feito de escribir de modo claro e preciso, sen erros de gramática, ortografía, sintaxe ou léxico, así como outros elementos relacionados debidamente motivados polo xurado.

Sétima. Resolución e publicación

A Xunta Directiva resolverá o procedemento de concesión dos premios o 14/5/24 e publicará os gañadores o 15/5/24 no taboleiro do cole e no espazo habilitado para a Anpa na páxina do Instituto.

Oitava. Pagamento dos premios

Os premios outorgados serán entregados aos gañadores o 16/5/24 no centro educativo.

Novena. Custodia de orixinais

Os textos pasarán a ser propiedade da Anpa, pero poderán ser retirados previa solicitude por escrito a dirección de correo electrónico [anpa.ohorreo.iesomosteiron@gmail.com](mailto:anpa.ohorreo.iesomosteiron@gmail.com).

Décima. Aceptación das bases e recursos

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Disposición derradeira primeira. Aclaración ou interpretación das bases

Para aclaración ou interpretación destas bases poden dirixirse a [anpa.ohorreo.iesomosteiron@gmail.com](mailto:anpa.ohorreo.iesomosteiron@gmail.com)

Mosteirón, 26 de abril de 2024